




AGADIC



VENRES 16 DE SETEMBRO ÁS 21:00 H

CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"

TEATRO ADULTO + DE 14 ANOS

Organiza: Concellería de Cultura do Concello de Boiro e AGADIC

- CHÉVERE é unha compañía de teatro con vintecinco anos de traxectoria. Neste tempo, converteuse nun dos grupos máis dinámicos e populares de Galicia, sorprendendo ao público non só co seu peculiar sentido do humor, senón que chegou a impoñer unha estética e un estilo propios e recoñecibles. Sempre co humor como filosofía e a risa como expresión, tratando de achegarse e interesar a un público amplo e plural. CHÉVERE mantén unha proposta estética ecléctica, desarraigada e singular e un importante intervencionismo cultural en todo tipo de fronteas. CHÉVERE, ademais, promoveu a creación dunha sala estable de espectáculos en Santiago de Compostela: a Nave de Servicios Artísticos-NASA, que xestiona e dirixe desde outubro de 1992. Nos últimos anos CHÉVERE ampliou e diversificou o seu teatro de operacións. E fíxoo sobre a base dun equipo que, individualmente achega unha importante experiencia e capacidade tanto no teatro coma no audiovisual, e que colectivamente ten unha demostrada solvencia a nivel de produción e xestión de proxectos culturais.
- Teatro / Musical
- Duración :50 min
 - En escena: Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar.
 - Dramaturxia e dirección: Xron.
 - Escrita: Manuel Cortés.

SINOPSE

- As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

Con esta peza Chévere segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero para sensibilizar á sociedade fronte á violencia machista e as desigualdades entre homes e mulleres. Dáse continuidade así a traballos anteriores que cuestionaron a rixidez dos xéneros (Testosterona), reivindicaron as voces silenciadas dunha forza de traballo feminina que segue levantando imperios económicos na era da globalización (Citizen), ou promoveron unha lectura crítica dos valores machistas que transmiten as cancións románticas (I'll be watching you). Nesa liña de traballo, As Fillas Bravas veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

As músicas usadas no espectáculo están inspiradas en cantos tradicionais recollidos en diferentes lugares de Galicia. Entre eles, "Pandeiretada" gravada no primeiro disco de Radio Cos e "Danza de Cerdeira", gravada no primeiro disco de Leilía.

As Fillas Bravas é un espectáculo **para todos os públicos**, pero xa temos comprobado que ofrece un **aproveitamento lúdico-pedagóxico** especialmente axeitado para dos segmentos de público moi interesantes á hora de crear e formar novos espectadores.